

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 1 DE SETEMBRO DE 2016,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

- Decreto de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de agosto do ano 2016.

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade dun tramo da estrada provincial LU-P-2607 que une os accesos ao peirao de Portocelo e ao portiño de Morás a prol do Concello de Xove.

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual e a concesión de anticipos de ata o 75% derivados da Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE), con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria no ano 2016.

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e as organizacións non gobernamentais, Solidariedade Internacional de Galicia, Asociación Galega de Reporteiros Solidarios e a Fundación Educación y Cooperación para a execución do proxecto "Cooperación Galega: O mundo que queremos 2016-2017", por importe total de setenta e cinco mil douscentos trinta e cinco euros con noventa e seis céntimos (75.235,96 €).

## **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e I-LAB Centro Especial de Emprego S.L. para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado a centros educativos radicados na provincia da Coruña, polo importe máximo de trinta e oito mil novecentos cincuenta euros con trinta e oito céntimos (38.950,38 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción da Addenda ao convenio, asinado o 24 de novembro de 2005, entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada sobre a colaboración educativa nas ensinanzas de formación profesional e, especialmente, nas da familia profesional madeira e moble, por un importe total de trinta mil cincuenta euros (30.050,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción da Addenda ao Convenio, asinado o 11 de setembro de 2012, entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Laboral de la Construcción sobre a colaboración educativa nas ensinanzas da familia profesional de madeira, moble e cortiza, por un importe total de trinta mil euros (30.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do Convenio de colaboración educativa entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e a Fundación Centro Oncolóxico de Galicia José Antonio Quiroga y Piñeyro para a impartición de ensinanzas de formación profesional da familia de Sanidade, por un importe total de trinta e seis mil euros (36.000,00 €).

## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión dunha parcela de 6.142 metros cadrados, feita a título gratuito polo Concello de Narón (A Coruña), a favor do Servizo Galego de Saúde, con destino á construción dun centro de saúde.

## **CONSELLERÍA DO MAR**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Asociación "Long Hope", longa esperanza, por un importe de setenta mil euros (70.000,00 €).

## **INFORMES**

### **VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Informe sobre balance dos datos turísticos. Verán 2016.

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Informe sobre a convocatoria de axudas para as redes de distribución de calor xerado con biomasa.

### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Informe do 1º semestre de 2016, emitido segundo o disposto na cláusula 5ª do acordo polo que se aproban as instrucións para a coordinación das achegas económicas e investimentos da Xunta de Galicia nas universidades galegas, así como en calquera tipo de fundacións, sociedades ou entidades dependentes das universidades, calquera que sexa a figura xurídica.

### **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

- Informe sobre a creación do Observatorio Galego da Familia e da Infancia.

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Informe sobre o Modelo Marcos (Mecanismo Agrario de Reestruturación Comunitaria da Superficie).

### **CONSELLERÍA DO MAR**

- Informe sobre o acordo de colaboración entre a Consellería do Mar e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), para o financiamento e sustentabilidade do proxecto de modernización tecnolóxica das lonxas, por un importe máximo de tres millóns oitocentos cincuenta e seis mil euros (3.856.000,00 €).

## **O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO DAS AXUDAS PARA A REPARACIÓN DOS DANOS CAUSADOS POLOS LUMES DO MES DE AGOSTO**

- *As axudas aplicaranse á reparación dos danos orixinados polos incendios acontecidos durante o mes de agosto no ámbito territorial da comunidade autónoma galega*
- *A Xunta impulsará a creación dunha comisión coa Administración do Estado, coas deputacións provinciais e coas administracións locais afectadas co fin de determinar as cantidades que achegará cada unha para a asunción dos danos*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto de medidas urxentes de axuda para a reparación dos danos causados pola vaga de incendios que se produciron na nosa comunidade durante este mes de agosto.

Debido á vaga de incendios forestais que tiveron lugar en Galicia, na nosa comunidade houbo graves danos en diversos bens, tanto de titularidade pública coma privada, con repercusión tanto a nivel económico como social, polo que o Goberno galego considera necesario articular mecanismos de colaboración e cooperación entre as administracións implicadas, mediante o establecemento dun sistema de axudas que palién os danos causados polos incendios, que atendan as situacións de necesidade en que se puidesen atopar os colectivos directamente afectados, e mesmo contribúan a restaurar os valores naturais e a reactivar a actividade económica das zonas afectadas.

As axudas aplicaranse á reparación dos danos orixinados polos incendios acontecidos durante o mes de agosto de 2016 no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, concederanse con carácter complementario, e serán compatibles en concorrencia con outras subvencións, indemnizacións, axudas, ingresos ou recursos procedentes de sistemas públicos ou privados, estatais ou internacionais, ata o límite do valor do dano producido ou da contía ou porcentaxe deste que se fixe nas correspondentes convocatorias.

O artigo 38 da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, prevé a actuación das administracións públicas, dentro das súas respectivas competencias, para o restablecemento dos servizos esenciais para a comunidade afectada pola situación de emerxencia, así como o establecemento de axudas en atención ás necesidades derivadas das ditas situacións cando teñan natureza catastrófica.

### **Beneficiarios**

O informe da Axencia Galega de Emerxencias delimita a zona afectada, que abrangue máis de 200 concellos das catro provincias. En total, a partida habilitada ascende a 10 millóns de euros para reparar danos e perdas causadas polos incendios.

Poderán solicitar as axudas, as persoas físicas propietarias ou usufrutuarias de vivendas que sufrisen danos que afecten tanto o inmovible como o enxoval, os titulares dos establecementos comerciais, mercantís, industriais, turísticos en que se producen danos derivados directamente dos incendios; os titulares de explotacións forestais, agrícolas e gandeiras, polos danos e perdas derivados directamente dos incendios; as entidades locais, para facer fronte aos gastos derivados das actuacións levadas a cabo como consecuencia dos incendios.

A Xunta impulsará a creación dunha comisión coa Administración do Estado, coas Deputacións Provinciais e coas administracións locais afectadas co fin de determinar as cantidades que achegará cada unha delas para a asunción dos danos e, de ser o caso, o sinalamento e identificación dos que serán reparados ou sufragados por cada administración.

Por parte do Goberno galego, a Consellería de Facenda será a competente nas axudas por danos persoais; a Consellería do Medio Rural, nas axudas para reposición de infraestruturas e equipamentos privados danados; o Instituto Galego de Vivenda e Solo dará as axudas relativas aos danos causados en vivendas e instalacións complementarias. As axudas por danos nas explotacións forestais, agrícolas e gandeiras serán asumidas pola Consellería do Medio Rural, e as axudas ás entidades locais ou actuacións directas sobre os seus bens corresponderanlle á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

A maiores, facúltase a Consellería do Medio Rural para que poida realizar directamente actuacións de reparación, restauración ou mitigacións dos danos e efectos causados polos incendios forestais, en montes veciñais, montes de varas ou Sofor, que poderán realizarse en terreos particulares cando a súa eficacia exceda os límites das parcelas.

Estas actuacións, poderán referirse á mellora de pistas e outras infraestruturas forestais de transporte, captacións de auga e evacuación de augas de escorregamentos. Así mesmo, en actuacións de reparación e reposición de peches gandeiros e as súas instalacións complementarias afectadas por incendios, así como a realización daqueles peches alternativos para soste o gando afectado, e a subministración de balas de palla para o mantemento do gando.

## **O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CAMBIO DE TITULARIDADE A PROL DO CONCELLO DE XOVE DO TREITO DE ESTRADA PROVINCIAL QUE UNE OS ACCESOS AO PEIRAO DE PORTOCELO E AO PORTIÑO DE MORÁS**

- *Este treito está situado entre os p.q. 6+800 e 9+935 da estrada provincial LU-P-2607*
- *Corresponderanlle ao Concello de Xove, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía*
- *O cambio de titularidade será efectivo o día seguinte ao da publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia e a entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes mediante a sinatura da correspondente acta*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe o cambio de titularidade a prol do Concello de Xove dun tramo da estrada provincial LU-P-2607, entre os accesos ao peirao de Portocelo e ao portiño de Morás.

O Concello de Xove solicitou á Xunta o cambio de titularidade do tramo da estrada provincial LU-P-2607 situado entre os puntos quilométricos 6+800 (intersección co acceso ao Molle de Portocelo) e 9+935, final actual na súa intersección coa vía provincial LU-P-2601, de Xove ao Portiño de Morás.

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes das entidades locais, logo do acordo das administracións afectadas. Os cambios de titularidade deberán ser aprobados por decreto da Xunta de Galicia.

O cambio de titularidade será efectivo o día seguinte ao da publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia* e a entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes mediante a sinatura da correspondente acta.

Corresponderalle ao Concello de Xove, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación das vías, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponderlle como nova Administración titular das estradas.

## **A XUNTA APROBA AS SUBVENCÍONS ÁS ENTIDADES LOCAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE**

- *Os concellos galegos poderán dispoñer de máis de 4,2 millóns de euros para a realización de actuacións encadradas nalgunha das 3 liñas de actuación*
- *Aprobouse a concesión de anticipos de ata o 75 por cento para as subvencións dos programas de fomento da conciliación familiar, prevención e tratamento da violencia de xénero e apoio aos CIM*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a concesión de anticipos de ata o 75 por cento das subvencións concedidas para o Programa de fomento da conciliación; para o Programa de prevención e tratamento integral da violencia de xénero; e para o Programa de apoio aos centros de información ás mulleres (CIM), por un importe de máis de 4,2 millóns de euros, cofinanciados nun 80% polo Fondo Social Europeo, destinados ás entidades locais como concellos, consorcios, mancomunidades ou agrupación ou asociacións de concellos.

A primeira da liña de axudas é o Programa de fomento da conciliación, que engloba as medidas que os concellos adopten coa finalidade de facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas traballadoras; entre esas medidas están os bancos de tempo e outras. A contía máxima que pode recibir unha entidade local por este programa é de 12.000 euros no caso de solicitude individual e ata 22.000 euros se é unha solicitude conxunta de varios concellos.

A segunda das liñas é o Programa de prevención e tratamento integral da violencia de xénero, que subvenciona as accións de intervención de carácter integral coas mulleres vítimas de violencia de xénero, coas súas fillas e fillos, así como coas persoas delas dependentes e actuacións dirixidas á loita contra a explotación sexual en xeral e a prostitución en particular. A contía máxima que pode recibir unha entidade local por este programa é de 10.000 euros no caso dunha solicitude individual, e de ata 20.000 euros se é unha solicitude conxunta de varios concellos.

A terceira liña de axudas é o Programa de apoio aos centros de información ás mulleres, os CIM, e que ten coma finalidade reforzar a funcionalidade dos CIM e consolidar os postos e o perfil profesional das persoas. Serán subvencionables o cadro de persoal ou a relación de postos de traballo da entidade, de prazas para persoal funcionario, laboral fixo ou indefinido para prestar servizos no CIM, para a atención a mulleres en situación de vulnerabilidade; a contratación laboral temporal ou mercantil de profesionais para a prestación dos servizos de asesoramento xurídico ou de atención psicolóxica, así como para levar a cabo as funcións de axentes de igualdade ou de fomento do traballo en rede e de dinamización do territorio con enfoque de xénero. A contía máxima que pode recibir unha entidade local por este programa é de

45.000 euros, e ata 120.000 euros no caso dunha solicitude conxunta. Para esta liña de actuación, o importe nesta convocatoria supera os 3,3 millóns de euros.



## **A XUNTA COLABORA CON TRES ONGD GALEGAS PARA DAR CONTINUIDADE AO PROXECTO “COOPERACIÓN GALEGA: O MUNDO QUE QUEREMOS”**

- *Vicepresidencia asinará un convenio de colaboración con Solidariedade Internacional de Galicia, Agareso e a Fundación Educación e Cooperación*
- *Desde o inicio do proxecto, no ano 2013, a Xunta leva investido nesta iniciativa ao redor de 245.000 euros*

O Consello da Xunta deu luz verde á sinatura dun convenio de colaboración coas ONGD Solidariedade Internacional de Galicia, Agareso e a Fundación Educación e Cooperación para dar continuidade ao proxecto “Cooperación Galega: o mundo que queremos”, nas anualidades 2016-2017.

A través deste acordo, a Vicepresidencia colaborará na execución da cuarta edición do proxecto que se desenvolve no marco do *Plan Proxecta*, unha iniciativa de innovación educativa que pretende facilitar a colaboración entre distintos departamentos da Xunta que dispoñen de programas dirixidos aos centros educativos.

O proxecto ten como obxectivo o fomento dunha adolescencia galega consciente da interconexión entre realidades locais e dinámicas globais e apoio no exercicio da súa corresponsabilidade da construción da xustiza social.

As actividades desenvolveranse en varios centros educativos galegos, cunha vixencia ata o 31 de xullo de 2017 e un custo total de 75.236 euros. Desde o inicio do proxecto, no ano 2013, a Xunta leva investido nesta iniciativa ao redor de 245.000 euros.

### **Antecedentes**

A primeira edición de “Cooperación galega; o mundo que queremos” levouse a cabo no curso 2013-14, en cinco centros de educación secundaria que foron seleccionados entre os solicitantes da convocatoria anual do Plan Proxecta. Dado o éxito desta iniciativa piloto, que foi financiada no marco da convocatoria anual de axudas a proxectos de educación para o desenvolvemento, decidiuse darlle continuidade a través da formalización de convenios de colaboración.

Este ano porase en marcha a cuarta edición do proxecto, que desenvolven tres ONGD especializadas no ámbito da educación para o desenvolvemento e no traballo con adolescentes. Ata o momento traballouse co profesorado e co alumnado de 19 centros de educación secundaria, afondando nas desigualdade sociais existentes e as causas que as perpetúan, con especial atención á realidade dos países empobrecidos en que traballa a Cooperación Galega.

### **III Plan director da cooperación galega 2014-2017**

O convenio pretende dar cumprimento aos compromisos do III Plan director da cooperación galega 2014-2017 e no Plan anual 2016, en especial en que se refire a levar a cabo unha política de educación para o desenvolvemento orientada a construír unha cidadanía global comprometida co cambio social, a solidariedade e o desenvolvemento humano sustentable.

## **A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN AMPLÍA O SERVIZO DE TRANSPORTE ESCOLAR ADAPTADO PARA ALUMNOS CON DISCAPACIDADES**

- *O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á colaboración con 'I-LAB Centro Especial de Emprego'*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria facilitará no vindeiro curso 2016/17 o servizo de transporte adaptado a 386 alumnas e alumnos con discapacidades, ao abeiro da sinatura de addendas aos convenios de colaboración subscritos para o curso actual con asociacións especializadas na atención a estas persoas convenios. Este número de alumnos acádase despois de que hoxe o Consello da Xunta autorizase a sinatura dun convenio máis para este fin coa entidade 'I-LAB Centro Especial de Emprego', para o que se disporá un orzamento de case 39.000 euros. Deste xeito, a contía total destinada para este servizo no curso 2016/17 é de case 1,1 millóns de euros.

A colaboración acadada encádrase no compromiso do departamento educativo da Xunta de Galicia coa atención á diversidade do alumnado galego, garantindo o acceso á educación dun sector da poboación escolar galega que require una atención específica e preferente. Neste sentido, cómpre tamén sinalar o carácter educativo que para este alumnado con distintos tipos de discapacidades ten, ademais do transporte escolar, o comedor escolar, en canto ao aprendizaxe de habilidades que redunden nunha maior autonomía persoal e, polo tanto, nunha maior inclusión. Así, os convenios cobren os desprazamentos de ida e volta desde os domicilios dos rapaces aos seus centros escolares, así como a ou desde os centros en que reciban tratamento rehabilitador, cando este coincida co horario escolar. Ademais, o servizo obxecto do convenio estará adaptado ás necesidades horarias das alumnas e alumnos, moitas veces condicionadas polos tratamentos médicos que estes necesitan.

Ao abeiro desta colaboración a entidade comprométese a facilitar os desprazamentos cos vehículos adaptados que sexan necesarios, así como a prestar os pertinentes servizos especializados de acompañamento e atención ao alumnado trasladado. Pola súa banda, a consellería farase cargo do 80 % do gasto derivado da prestación destes servizos.

Ademais de con esta nova entidade, a Consellería mantén colaboracións neste sentido coa Asociación Comarcal de Educación Especial Santísimo Cristo del Amor (ACEESCA), coa Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines AMENCER—ASPACE, coa Asociación de Familias de Persoas con Discapacidade Psíquica das Comarcas do Barbanza e Noia AMICOS, co Centro Especial de Emprego sen ánimo de

lucro ASCM—Ferroterra, S.L., coa Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral – A Coruña (ASPACE), coa Asociación de Pais de Persoas con Trastornos do Espectro Autista da Provincia da Coruña ASPANAES, coa Asociación en Favor de las Personas con Discapacidad Intelectual de la Provincia de Pontevedra (ASPANAEX), coa Asociación Pro Personas con Discapacidad Intelectual de Galicia (ASPRONAGA), coa Asociación Autismo Ourense, coa Asociación BATA (Bayón, Asociación para el Tratamiento del Autismo), con Cruz Roja Española e coa Asociación BS A Esperanza do Val Miñor.

## **A XUNTA DESTINA 96.050 EUROS AO IMPULSO DA FORMACIÓN PROFESIONAL NAS FAMILIAS DE SANIDADE E DE MADEIRA, MOBLE E CORTIZA**

- *O Consello autorizou hoxe a sinatura de addendas aos convenios asinados coa Fundación Centro Oncolóxico Rexional de Galicia 'José Antonio Quiroga y Piñeyro', coa Fundación Laboral da Construción e coa Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada*

O Goberno galego impulsará, un ano máis, a formación do alumnado de Formación Profesional en colaboración coa Fundación Centro Oncolóxico Rexional de Galicia 'José Antonio Quiroga y Piñeyro', coa Fundación Laboral da Construción e coa Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada. Para iso, o Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de addendas aos convenios de colaboración que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria mantén con estas tres entidades, para o que o departamento educativo autonómico destinará unha contía total de 96. 050 euros.

O obxectivo destes acordos é facilitar o acceso do alumnado ao espazo e equipamento destas fundacións, co fin de que poida adquirir mellores competencias no desenvolvemento das tarefas relacionadas coas súas competencias profesionais. As tres addendas terán vixencia ao longo do vindeiro curso 2016/17.

### **Radioterapia**

Deste xeito, a Consellería de Cultura e Educación e a Fundación Centro Oncolóxico Rexional de Galicia 'José Antonio Quiroga y Piñeyro' renovarán a súa colaboración para que o alumnado que curse ensinanzas da familia profesional de Sanidade no CIFP Ánxel Casal Monte-Alto (A Coruña) poida utilizar as instalacións da devandita fundación. En concreto, o acordo subscríbese para o alumnado do ciclo de grao superior de Radioterapia e Dosimetría, un dos ciclos que o departamento educativo da Xunta acaba de adaptar ás necesidades do tecido socioproductivo de Galicia e ao Catálogo nacional de cualificacións profesionais.

Así, impartirase nas instalacións da Fundación Centro Oncolóxico de Galicia 'José Antonio Quiroga y Piñeyro' o módulo de Dosimetría física e clínica e ao de Simulación do tratamento, para os que cómpren unhas instalacións especiais das que non dispón o CIFP Ánxel Casal Monte-Alto. A Fundación achegará tamén o profesorado especialista necesario para o desenvolvemento dos módulos referidos; mentres que a Consellería se fará cargo dos gastos de funcionamento necesarios para o desenvolvemento das ensinanzas obxecto deste convenio.

### **Madeira, moble e cortiza**

Así mesmo, a Consellería e a Fundación Laboral de la Construcción renovarán a súa colaboración para a formación de alumnado de Formación Profesional da familia de Madeira, moble e cortiza, tras o visto e prace do Consello da Xunta á sinatura dunha addenda ao convenio entre ambas as partes para tal fin.

Así, alumnas e alumnos do CIFP Politécnico de Lugo, en concreto do ciclo medio Carpintaría e moble, poderán utilizar os espazos e o equipamento preciso, tal e como xa están a facer no curso actual. Os gastos específicos ordinarios de funcionamento serán asumidos pola Consellería, que tamén achegará o persoal docente necesario.

No caso do convenio coa Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada, este ten como obxectivo levar a cabo nas súas instalacións, de forma compartida co IES Antón Losada Diéguez, as ensinanzas do ciclo formativo de grao medio en Carpintaría e moble.

## **O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A ACEPTACIÓN DA PARCELA EN QUE O SERGAS CONSTRUIRÁ O NOVO CENTRO DE SAÚDE DE NARÓN**

- ***O conselleiro de Sanidade e o alcalde de Narón asinaron o pasado mes de xuño o convenio de colaboración para a execución das obras do novo centro na localidade***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a aceptación da cesión dunha parcela de 6.142 metros cadrados, feita a título gratuito polo Concello de Narón (A Coruña), a favor do Servizo Galego de Saúde, con destino á construción dun centro de saúde.

O conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, e o alcalde de Narón, José Manuel Blanco Suárez, asinaron o pasado mes de xuño o convenio de colaboración para a execución das obras do novo centro na localidade. En virtude do convenio, o Servizo Galego de Saúde comprométese á elaboración, á supervisión e á aprobación do proxecto técnico, así como a contratar, dirixir e executar as obras de construción desta infraestrutura con cargo aos seus orzamentos.

No convenio o Concello de Narón tamén se compromete a obter todos os permisos precisos para executar as obras de construción e facilitará toda a documentación necesaria para a redacción do proxecto de obras -planos topográficos, información urbanística, características das infraestruturas existentes e proxecto de urbanización-, incluídas as licenzas e demais permisos de obras que sexan necesarios.

Así mesmo, o goberno local asumirá todos os gastos necesarios para dotar a parcela do centro de saúde das infraestruturas necesarias, tales como accesos rodados e peonís, abastecemento de auga, saneamento, subministración eléctrica, iluminación, telefonía, aparcadoiro etc. O Concello de Narón achegará ao longo de tres exercicios, a contía de 1,4 millóns de euros para colaborar nos custos de execución da construción do edificio e a Xunta comprométese a cederlle o uso do edificio do actual centro de saúde.

Esta instalación permitirá mellorar a asistencia sanitaria aos veciños e reforzar o servizo prestado en áreas, por exemplo, como a atención a urxencias e a accesibilidade.

## **MAR COLABORARÁ COA ASOCIACIÓN 'LONG HOPE' NA DEFENSA DO DEREITO DOS MARIÑEIROS QUE PESCARON EN NORUEGA A PERCIBIR UNHA PENSIÓN**

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración para financiar os gastos en que incorra o colectivo ante a xustiza e para desprazamentos ao país nórdico, entre outras cuestións***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Asociación *Long Hope* (Longa Esperanza) para financiar os gastos en que incorra o colectivo na defensa do recoñecemento da pensión de xubilación por ter traballado na frota de Noruega.

Ao abeiro deste convenio, subvencionaranse os gastos que teña a asociación na defensa dos seus dereitos ante a xustiza, aqueles derivados da redacción, presentación e difusión de informes argumentais do caso e tamén os que xurdan da tramitación administrativa da defensa dos intereses da Asociación. Ademais, ao abeiro do acordo poderanse financiar as viaxes e estancias dos membros da asociación en Noruega para defender o seu caso e tamén aqueles gastos derivados de actos que teñan por obxecto a defensa dos seus intereses.

O importe completo do acordo é de 70.000 euros para as anualidades 2016 e 2017. Poderanse subvencionar con cargo a este aqueles gastos que tivese o colectivo desde o 1 de xaneiro deste ano. O acordo poderase prorrogar por dous anos máis sempre e cando o acorden ambas as partes.

Co obxectivo de asegurar o debido cumprimento do acordo crearase unha comisión de seguimento composta por dous membros da Consellería do Mar e outros dous do colectivo *Long Hope*. Esta comisión será o mecanismo de actuación conxunta para garantir o cumprimento do convenio.

### **Asociación *Long Hope***

A Asociación *Long Hope* (Longa Esperanza) constituíuse no ano 2008 coa finalidade de defender os dereitos dos mariñeiros galegos que traballaron en buques de Noruega, particularmente o dereito á percepción da pensión de xubilación que ese país non recoñece a día de hoxe.



## **O SECTOR HOTELEIRO GALEGO INCREMENTOU EN XULLO OS SEUS INGRESOS EN CATRO MILLÓNS DE EUROS EN RELACIÓN AO 2015**

- ***Galicia rexistrou neste mes máximos históricos con 730.053 viaxeiros aloxados e máis de 1.704.585 pernoitas***
- ***A nosa comunidade mellorou os niveis de ocupación acadados en xullo do pasado ano en máis de cinco puntos porcentuais, rexistrando por cuarto ano consecutivo un incremento neste inicio do verán***
- ***O volume de pasaxeiros incrementouse nos tres aeroportos galegos con subas de ata o 28% no caso de Peinador***
- ***As afiliacións á Seguridade Social referidas ás ramas de hostalaría e axencia de viaxes superaron nun 3,5% as cifras rexistradas en 2015***

O turismo en Galicia rexistrou no verán un importante incremento da afluencia turística o que se traduciu nunha mellora, ademais, dos niveis de ocupación, ingresos e rendibilidade do sector, así como nun incremento do volume do emprego.

Así o reflicte o último informe presentado hoxe no Consello da Xunta, segundo o cal a nosa comunidade rexistrou 730.053 viaxeiros e 1.704.585 pernoitas no pasado mes de xullo, superando nun 7,4% e nun 13,5%, respectivamente, as cifras de 2015 e acadando máximos históricos neste primeiro mes do verán.

Os tres grandes segmentos de mercado –interno, receptor nacional e internacional- acadaron neste pasado mes de xullo cifras históricas tanto de viaxeiros como de pernoitas. Destaca o crecemento do turismo nacional que superou nun 15% o nivel de pernoitas do pasado ano. Pola súa parte, o turismo internacional rexistrou un incremento do 7,8%, neste caso.

En termos de intensidade son os mercados máis tradicionais ou de maior peso os que lideraron neste inicio do verán o incremento da demanda no conxunto da comunidade. No ámbito nacional destaca o crecemento do turismo interno que superou nun 15,4% as cifras do pasado ano. Así mesmo, é salientable o crecemento do mercado madrileño –principal mercado emisor nacional- que incrementou nun 30% os niveis de xullo de 2015.

No ámbito internacional destacan os incrementos rexistrados polo turismo portugués –segmento que subiu un 30%- e o turismo francés –que rexistrou unha suba do 20% neste caso-.

En termos de ocupación, Galicia mellorou os niveis acadados en xullo do pasado ano, en máis de cinco puntos porcentuais. É o cuarto ano consecutivo no que a nosa comunidade rexistra un incremento neste inicio do verán.

### **Incremento da rendibilidade**

O incremento dos niveis de demanda e ocupación permitiu mellorar os niveis de rendibilidade en relación ao mesmo período de 2015 subindo o RevPAR un 8,3%.

Así mesmo, tendo en conta as cifras de ocupación e as tarifas medias aplicadas nos hoteis e pensións de Galicia, estímase que o ingreso total do sector do aloxamento – por habitación dobre en réxime de AD- foi de 38,8 millóns de euros no mes de xullo, cifra que supera nun 11,5% o dato do pasado ano. Deste xeito, en termos absolutos o sector hoteleiro incrementou os seus ingresos en catro millóns de euros en relación con xullo de 2015.

### **Crecemento do tráfico aeroportuario**

Noutros ámbitos da actividade turística, obsérvase tamén no mes de xullo un crecemento importante do tráfico aeroportuario en Galicia.

O volume de pasaxeiros incrementouse nos tres aeroportos galegos, destaca en intensidade o crecemento rexistrado en Peinador, onde a cifra de viaxeiros subiu nun 28% -acadando máis de 100.000 neste primeiro mes do verán-. En Alvedro e Lavacolla rexistráronse tamén cifras positivas, con incrementos do 4,1% no primeiro – acadando preto de 105.000 pasaxeiros- e do 3,1% en Santiago –liderando o mercado aeroportuario da comunidade con máis de 260.000 pasaxeiros no mes de xullo-.

### **Mellora en termos de emprego**

Os datos positivos do sector turístico veñen acompañados, así mesmo, dunha mellora en termos de emprego. Tomando como referencia as afiliacións á Seguridade Social – en particular as referidas ás ramas de hostalaría e axencia de viaxes- obsérvase neste mes de xullo un incremento do 3,5% respecto as cifras rexistradas en 2015, cun total de 84.967 no conxunto da comunidade.

É o terceiro ano consecutivo en que se observa unha mellora das cifras de afiliación á Seguridade Social no mes de xullo referidas á rama turística, pasando de pouco máis de 76.000 en 2013 a case 85.000 agora en 2016.

### **Cifra histórica de peregrinos no Camiño de Santiago**

No que se refire ao Camiño de Santiago, nos meses de verán –xullo e agosto-- rexistráronse un total de 98.290 peregrinos.

En canto a procedencia dos peregrinos, continúa a tendencia de internacionalización do Camiño. No período estival un 40,35% dos peregrinos foron estranxeiros.

### **Valoración cualitativa do sector**

Desde o Clúster de Turismo de Galicia realízase unha valoración cualitativa moi positiva da demanda turística rexistrada no verán, destacan o salto de calidade e a mellora da profesionalización da nosa comunidade como destino.

Así mesmo, resaltan un perfil de turistas máis exixente e de calidade e un incremento de estranxeiros, tanto nas provincias de interior como, especialmente, no litoral.

Por outra parte, o sector destaca a importancia de grandes eventos como *La Vuelta*, os festivais musicais ou *O Marisquiño*, entre outros, como dinamizadores directos da demanda turística no verán e escaparates excepcionais para a promoción internacional do destino.

## A XUNTA DESTINA 4,5 MILLÓNS DE EUROS A PROMOVER NOVOS PROXECTOS DE IMPULSO DA BIOMASA ENTRE AS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E AS EMPRESAS

- *O Consello da Xunta autorizou a convocatoria dunha nova orde de axudas pioneira en Galicia para proxectos singulares de district heating e que, cun investimento mobilizado de máis de 7 millóns, permitirá a instalación de equipamentos de enerxía térmica xerada a través desta fonte enerxética autóctona e renovable*
- *A iniciativa enmárcase dentro da Estratexia integral de impulso á biomasa, que prevé para o período 2014-2016 a mobilización de 38 millóns de euros en investimentos e a instalación de 3.000 caldeiras*
- *As propostas que se presenten poden recibir axudas de ata o 75% no caso das entidades públicas e do 50% nas privadas*
- *O obxectivo é aforrar ao ano preto de 800.000 euros e 2 millóns de litros de gasóleo, o que suporá mellorar a calidade de vida dos cidadáns coa redución das emisións anuais de CO<sub>2</sub> en 5.800 toneladas*
- *Esta nova orde súmase a outros plans da Xunta para impulsar o sector da biomasa térmica, como a rede de subministración instalada no complexo administrativo de San Caetano, que empezará a funcionar este ano, e a colocación de caldeiras en seis hospitais públicos galegos*

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do Instituto Enerxético de Galicia (Inega), fomentará o uso das enerxías limpas a través dunha nova convocatoria de axudas pioneira en Galicia dirixida a administracións públicas e empresas para proxectos singulares de *district heating* (redes de subministración de enerxía térmica xerada con biomasa). Con este acordo do Consello da Xunta, o obxectivo é apoiar iniciativas que permitirán un aforro enerxético de preto de 800.000 euros anuais, así como o emprego de recursos renovables para reducir as emisións de CO<sub>2</sub> á atmosfera. En concreto, o Goberno galego dedica 4,5 millóns de euros, o que contribuirá ao financiamento de proxectos que mobilizarán un investimento total de 7,3 millóns de euros e que alcanzarán unha potencia de máis de 10 MW.

A nova convocatoria, que se realizará baixo parámetros de concorrencia competitiva e que está cofinanciada cos fondos europeos Feder, será a primeira desta tipoloxía que se leva a cabo en Galicia vinculada á instalación de redes de distribución de enerxía térmica con equipamentos de xeración con biomasa. No caso das administracións públicas, a contía das axudas será de ata un 75% do custo do proxecto, mentres que para as empresas será do 50%, cun máximo dun millón de euros por proxecto.

A través desta iniciativa, a execución dos proxectos subvencionados suporá a mobilización de máis de 7 millóns de euros, ademais de reducir os custos enerxéticos das entidades beneficiadas, crear emprego cualificado e de calidade, tanto no ámbito

rural como no industrial, aforrar 1,96 millóns de litros de gasóleo ao ano, e reducir anualmente as emisións de CO<sub>2</sub> en 5.800 toneladas, o que repercutirá na calidade de vida dos cidadáns.

Esta convocatoria desenvólvese no marco da Estratexia integral de impulso á biomasa que, desde a súa posta en marcha en 2014, supuxo axudas autonómicas por valor de 31 millóns de euros en tres anos, dos cales preto de 13 millóns corresponden a 2016 - a maior contía desde a súa posta en marcha-. A través desta estratexia, a Xunta contribuirá á colocación de 3.000 caldeiras de biomasa entre os anos 2014 e 2016, o que suporá a mobilización de 38 millóns de euros en investimentos, 120 MW de potencia instalada global, o aforro de 15 millóns de litros de gasóleo ao ano e a redución das emisións de CO<sub>2</sub> en 47.000 toneladas anuais.

De feito, a Estratexia prevé ata 2020 a mobilización de 450 millóns de euros en investimentos, a creación de 1.000 empregos e axudas directas que superan os 89 millóns. Deste xeito, diminuírase o consumo de combustibles derivados do petróleo, acadando un aforro de 70 millóns de euros ao ano; evitárase a emisión á atmosfera de máis de 245.000 toneladas de CO<sub>2</sub> ao ano; e incrementárase o consumo de biomasa en 275.000 toneladas ata o 2020, é dicir, 40.000 toneladas anuais.

Ademais da convocatoria de *district heating*, a Xunta xa resolveu este ano dúas ordes de axudas para o impulso da biomasa que supoñen achegas da Consellería de Economía, Emprego e Industria por valor de máis de 7 millóns de euros, o que permite mobilizar un investimento de máis de 15 millóns para a execución de 1.375 proxectos por parte de administracións públicas, empresas, entidades sen ánimo de lucro e particulares.

### **Edificios administrativos e hospitais**

Esta orde, ademais de impulsar o sector da biomasa térmica como combustible autóctono, renovable e respectuoso co medio ambiente, súmase a outros proxectos promovidos desde a propia Administración galega, como a rede de subministración de enerxía térmica xerada con biomasa *-district heating-* no complexo administrativo de San Caetano, que empezará a funcionar este ano; e o impulso do uso da biomasa no Servizo Galego de Saúde (Sergas) a través do Programa EcoHospital, e que permitiu que seis hospitais galegos -os que está previsto que se sume tamén o de Ribeiraconten xa con caldeiras de biomasa. En concreto, son os hospitais da Costa (Burela), Lugo, Monforte de Lemos, Verín, o Naval de Ferrol e o Hospital 2050 de Ourense.

Na actualidade, Galicia xa conta 9 plantas de produción de biomasa (6 de pellets e 3 de estelas, ás cales se sumará unha cuarta a finais deste ano). En total, a produción se aproxima ás 200.000 toneladas anuais (distribuídas ao 50% entre pellets e estelas); un sector que achega 300 postos de traballo.

## **A XUNTA INCREMENTA EN MÁIS DUN 25% A CONTÍA DESTINADA A CONVENIOS DE COLABORACIÓN COAS UNIVERSIDADES GALEGAS NO PRIMEIRO SEMESTRE DO ANO**

- *O Goberno galego destinou a estes acordos preto de 1,97 millóns de euros, aumentando tamén nun 4% o importe medio que representa cada convenio*
- *A Consellería de Cultura e Educación foi a entidade autonómica que máis colaboracións subscribiu con estas institucións académicas*
- *Estas achegas ao Sistema universitario de Galicia (SUG) realízanse a maiores da cantidade asignada a cada universidade a través do plan de financiamento*

A Xunta de Galicia incrementou nun 20% o número de convenios subscritos coas universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG) no primeiro semestre do ano 2016 respecto do mesmo período do ano anterior. Así o recolle o 'Informe emitido segundo o disposto na cláusula 5ª do acordo polo que se aproban as instrucións para a coordinación das achegas económicas e investimentos da Xunta de Galicia nas universidades galegas, así como en calquera tipo de fundacións, sociedades ou entidades dependentes das universidades, calquera que sexa a figura xurídica', elevado hoxe ao Consello da Xunta, do que se deduce tamén un incremento do 25% na contía total destinada aos convenios subscritos, que son un total de 59.

Así mesmo, rexístrase un aumento do 4% no importe medio de cada convenio asinado, que pasa dos 32.060 euros no primeiro semestre do ano 2015, até 33.367 euros no primeiro semestre de 2016.

Respecto das entidades da Xunta asinantes, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria foi a que máis acordos subscribiu, seguida das consellerías de Presidencia da Xunta, Economía, Política Social, Sanidade, Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AA.PP. e Xustiza, e Facenda xunto con Medio Ambiente.

### **Accións conveniadas**

No referido ás accións conveniadas, a meirande parte dos acordos corresponde a accións sociais, culturais, deportivas ou de voluntariado. Séguenlle os convenios para o financiamento de investigacións que se consideren urxentes ou de especial interese para a Consellería correspondente; para apoio ao mantemento, reforma e adaptación das infraestruturas científico-tecnolóxicas e servizos xerais de apoio á investigación; para másteres oficiais, con accións destinadas á inserción laboral dos titulados dirixidas ao alumnado universitario galego; de apoio para a implantación do sistema docente, e para mellora de infraestruturas para adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior.

En canto á repartición por universidades, a de Santiago de Compostela obtén neste período o 60,97% das achegas, A Coruña o 12,11%, a de Vigo recibe o 11,34 %, o Consorcio para o Desenvolvemento de Aplicacións para a Xestión Universitaria acada o 10,92%, BUGALICIA o 2,17% e FEUGA o 2,50%.

O informe do que se deu conta ao Consello da Xunta foi emitido segundo o disposto na cláusula 5ª do acordo polo que se aproban as instrucións para a coordinación das achegas económicas e investimentos da Xunta de Galicia nas universidades galegas, así como en calquera tipo de fundacións, sociedades ou entidades dependentes das universidades, calquera que sexa a figura xurídica. Non obstante, cómpre salientar que estas achegas ao Sistema universitario de Galicia (SUG) realízase á maiores da cantidade asignada a cada universidade a través do plan de financiamento.

## **A XUNTA DE GALICIA REGULARÁ A CREACIÓN DO OBSERVATORIO GALEGO DA FAMILIA E DA INFANCIA**

- ***Adscribirase á Consellería de Política Social e actuará como órgano colexiado de carácter asesor e de participación que permitirá unha actuación integral neste eido***
- ***Está previsto que a norma de creación e regulación da composición e funcións do Observatorio poida estar publicada a finais do ano 2016 e constituído o órgano colexiado no primeiro trimestre do ano 2017***

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social, regulará a creación dun Observatorio Galego da Familia e da Infancia, un órgano colexiado de carácter asesor e de participación, que permitirá unha actuación integral neste eido para unha maior eficiencia e eficacia na protección e promoción dos seus dereitos e intereses. Así mesmo, será un instrumento de análise permanente da situación da familia e a infancia na comunidade autónoma e das accións desenvolvidas no seu favor, que servirá como canle de divulgación delas e como canalizador das propostas de actuación.

O Observatorio adscríbese á Consellería de Política Social e contará cun presidente/a, cun vicepresidente/a, cun secretario/a e vogais en representación das administracións públicas, entes, entidades e axentes sociais. As súas funcións serán a de actuar como órgano de recollida, análise e intercambio da información dispoñible en diferentes fontes autonómicas, nacionais e internacionais sobre a familia e a infancia; propoñer a realización de estudos, investigacións e informes técnicos que permitan un mellor coñecemento da situación da familia e a infancia en Galicia e á detección das súas necesidades e demandas sociais; avaliar o impacto das políticas fiscais, laborais e sociais desenvolvidas polos distintos departamentos das administracións na situación das familias e da infancia galegas; e formular propostas e recomendacións sobre liñas estratéxicas e prioridades de actuación en materia de políticas familiares e de infancia.

Así mesmo, o Observatorio servirá de canle para a actuación coordinada e harmónica entre os distintos departamentos das administracións públicas; canalizará as propostas das organizacións sociais que desenvolven as súas actividades no eido da infancia e familia; promoverá as actuacións necesarias para sensibilizar a todos os cidadáns no coñecemento e respecto dos dereitos da infancia; promoverá a elaboración dos plans e estratexias de familia, infancia e adolescencia e avaliará a súa execución; elaborará informes e ditames por petición dos órganos competentes da Comunidade Autónoma; impulsará a incorporación da perspectiva da familia e infancia no ordenamento xurídico galego, e elevará propostas e manterá contactos con outros órganos de similar natureza, promovendo os encontros entre profesionais e expertos para facilitar o intercambio de experiencias.



A creación do Observatorio Galego da Familia e da Infancia non comportará custo económico ningún, toda vez que os membros do Observatorio exercerán as funcións inherentes á dita condición de maneira gratuíta. Está previsto que a norma de creación e regulación da composición e funcións do Observatorio poida estar publicada a finais do ano 2016 e constituído o órgano colexiado no primeiro trimestre do ano 2017.

### **Apoio decidido ás familias e á infancia**

A Xunta de Galicia considera prioritario prestar especial atención ás familias e á infancia e, en particular, ás situacións e circunstancias destas que presentan especiais necesidades: a maternidade, a paternidade, a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, a participación equitativa dos pais e nais no coidado dos fillos e fillas, a integración social e a continuidade familiar das persoas maiores, e os procesos de crise familiar. Así mesmo, preténdese seguir avanzando na consecución do benestar integral das persoas menores de idade, incrementar a súa calidade de vida e contribuír ao seu pleno desenvolvemento.

Coa finalidade de atender estas necesidades de especial apoio ás familias, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, recolle no seu artigo 5 o desenvolvemento por parte da Xunta de Galicia dun Plan de Apoio á Familia e dun Plan Integral de Apoio á Natalidade, entendidos como instrumentos de planificación estratéxica de axuda ás familias e de revitalización demográfica.

De acordo con esta previsión aprobáronse o Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020 e a Estratexia de Apoio para familias numerosas de Galicia 2013-2016, horizonte 2020.

Ademais, comezouse a elaborar o Plan galego de política familiar e a Xunta de Galicia puxo en marcha no ano 2015 o Programa de apoio á natalidade (PAN), que persigue dar resposta ás necesidades das nais e dos pais galegos, garantir o benestar das familias e apoialas de xeito integral e continuo.

A perspectiva de infancia recóllese na Estratexia galega para a infancia e adolescencia (2016-2020), que está a elaborar a Xunta de Galicia, é constitúe un instrumento de planificación das políticas de benestar que a Xunta impulsará nos vindeiros cinco anos e vai dirixida ao conxunto dos nenos, nenas e adolescentes que residen na comunidade autónoma.

## **A XUNTA CREA UN NOVO MECANISMO DE REESTRUTURACIÓN DA SUPERFICIE PARA FACILITAR A MOBILIDADE DE TERRAS AGRARIAS**

- *O plan Marcos permitirá mellorar o aproveitamento de terras e aumentar a base territorial das explotacións modificando só o dereito do uso dos predios*
- *Trátase dun sistema complementario ás reestruturacións parcelarias para pequenas zonas e moito máis rápido xa que tardaría uns seis meses en rematarse*

O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe da Consellería do Medio Rural sobre un novo modelo de reorganización da superficie para facilitar a mobilidade de terras agrarias e mellorar o seu aproveitamento. Trátase do plan Marcos (Mecanismo Agrario de Reestruturación Comunitaria da Superficie), un sistema concibido como complementario ás reestruturacións parcelarias tradicionais pero previsto para zonas de pequeno tamaño (entre 50 e 200 hectáreas) e nas que existan necesidades de terra por parte de explotacións agrarias.

O sistema consiste nun intercambio voluntario entre titulares de explotacións e arrendamentos dos predios non utilizados con carácter reversible e temporal, aínda que prorrogable.

Entre as vantaxes deste modelo está a súa axilidade, porque podería completarse nuns seis meses, e o baixo custo, xa que se adapta ás infraestruturas viarias existentes e as parcelas manteñen a súa morfoloxía, conservando intactos os peches, valados e delimitacións. Polo de agora é un proxecto piloto e estase a estudar sobre que zonas empezar a traballar. Están sobre a mesa Vilalba e arredores, en Lugo; Eume e Ortegá, na Coruña; e Deza, en Pontevedra. O proxecto será organizado polo Banco de Terras, xa que conta con procedementos regrados para incorporacións e arrendamentos de terras, o que supón un garante para os propietarios e maior seguridade xurídica.

En resumo, propónse un novo sistema rápido, eficaz e de baixo custo, que facilita a mobilidade de terras en áreas de pequeno tamaño, que estean infracultivadas, dando acceso á terra a explotacións agrarias con necesidades de ampliación da súa base territorial. Sería complementario aos procesos de reestruturación parcelaria, que afectan normalmente grandes superficies, modifican a estrutura do parcelario cambiando a propiedade das terras e que, polo tanto, supoñen unha serie de procedementos que se alongan moito no tempo.

## **AS LONXAS GALEGAS PODERÁN BENEFICIARSE DE MELLORAS TECNOLÓXICAS QUE PERMITIRÁN UNHA XESTIÓN MÁIS EFICIENTE DA SÚA ACTIVIDADE**

- *O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre un acordo de colaboración que prevé asinar a Consellería do Mar e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) para financiar proxectos de modernización nas rulas*
- *A adhesión das rulas a esta iniciativa de renovación tecnolóxica é voluntaria e aquelas que desexen facelo deberán realizar a solicitude correspondente diante da Consellería*
- *A Consellería do Mar destina a esta iniciativa máis de 3,8 millóns de euros*

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre un acordo de colaboración que vai asinar a Consellería do Mar e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) para o financiamento de proxectos de modernización tecnolóxica en lonxas galegas.

Así, ao abeiro deste acordo, as rulas que o soliciten poderán beneficiarse de melloras tecnolóxicas nas súas instalacións que permitirán unha xestión máis eficiente da actividade que desenvolven, sobre todo en materia de comercialización, rastrexabilidade e seguridade alimentaria e tamén en aspectos relacionados coa xestión económica. A adhesión das rulas a esta iniciativa de renovación tecnolóxica é voluntaria e aquelas que desexen facelo deberán realizar a solicitude correspondente diante da Consellería do Mar.

Este convenio recolle accións concretas como poden ser a modernización infraestrutura tecnolóxica das lonxas, melloras no sistema de capturas descargadas nas lonxas, a súa poxa e a emisión dos documentos precisos para a súa comercialización. Ademais, tamén recolle a posta en marcha de iniciativas que faciliten as xestións da actividade propia da lonxa, como pode ser a actividade contable, entre outros aspectos.

Para levar a cabo estas modernizacións nas rulas, a Consellería do Mar investirá máis de 3,8 millóns de euros que se distribuirán nas anualidades 2016, 2017, 2018 e 2019. Esta cantidade será cofinanciada nun 75% polo Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP).

O acordo, que se rubricará en datas vindeiras, entrará en vigor o día da súa sinatura e estará vixente ata o momento en que finalice a execución dos contratos previstos. O prazo máximo será ata o 30 de novembro de 2019. Non obstante, antes da finalización deste prazo as partes poderán formalizar unha addenda ao acordo na que se poderá fixar unha prórroga.